

A proba estará composta polos seguintes apartados:

1. **Lectura rítmica.** Exercicios dun máximo de 16 compases cada un, nas claves de Sol e de FA en 4ª, que incluírá as dificultades propias do 4º curso de G.E.
2. **Entoación.** 2 exercicios en Clave de Sol, en tonalidades maiores e menores ata 4 alteracións. Realizarase sen acompañamento pianístico. O alumno/a deberá entoar a escala e o arpeXio de tónica de cada exercicio, antes da súa realización apoiado polo piano.
3. **Ditado.** Consistirá nunha frase de 8 compases, que incluírá as dificultades propias do 4º curso de grao elemental en tonalidades maiores ou menores ata 4 alteracións. O alumno/a terá que situarse tonalmente tomando como referencia o LA 440, e tras escoitar a escala, o arpeXio e o esquema harmónico I IV V I da tonalidade.
4. **Exercicios teórico-prácticos e análise** (este último, de fragmentos para voz e piano). Incluírán os aspectos rítmicos, melódicos e harmónicos propios do 4º curso de grao elemental (tonalidades, intervalos, tipos de escalas maiores e menores, acordes, análise de graos, cadencias, tipos de comezo e final, notas estrañas).

### ***Criterios de avaliación***

1. Ler fragmentos rítmicos nas clave de sol e de fa en 4ª, nun tempo establecido, mantendo o pulso fronte ao cambios de compás aplicando a equivalencia establecida, executando as fórmulas rítmicas con corrección, e nomeando correctamente as notas.
2. Entoar afinadamente as melodías propostas, nomeando as notas e mantendo correctamente o pulso. Entoar con correcta afinación as escalas e arpeXios de tónica.
3. Recoñecer a través da audición dun fragmento rítmico- melódico, o compás, a tonalidade, os movementos melódicos e as fórmulas rítmicas, e reproducilo graficamente con corrección.
4. Realizar e analizar con corrección os elementos rítmicos, melódicos e harmónicos propios do curso.

## ***Criterios de cualificación***

Cada un dos catro apartados puntuarase de 0 a 10 puntos. A nota final obterase mediante a seguinte media ponderada:

- 1. Lectura rítmica 40%**
- 2. Entoación. 20%**
- 3. Ditado 20%**
- 4. Análise 20%**

Para superar a proba, o alumno/a deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5